
**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 13 DE MAIO DE 2015,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS
PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Decreto polo que se regula a organización da presenza na internet da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia baixo o dominio de nivel superior .gal.
- Decreto polo que se aproban os estatutos do Colexio Oficial de Deseñadores de Interior/ Decoradores de Galicia.

ACORDOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS
PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza a superación do límite do 30 % do concepto 131 para o financiamento da cobertura de prazas por acumulación de tarefas nas subdireccións do Imelga da Coruña, Santiago, Lugo e Pontevedra.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia co concello de Lobios para a execución da obra: "Abastecemento e saneamento en Torneiros, O Puxedo e Xendive. Lobios (Ourense)", clave OH.532.798, por importe de douscentos trinta e un mil cento vinte euros con setenta e nove céntimos (231.120,79 €).

CONSELLERÍA DE ECONOMIA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se aproba a Axenda da Competitividade Galicia Industria 4.0.



—

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza o inicio da tramitación do Anteproxecto de decreto polo que se integran no Servizo Galego de Saúde determinadas unidades de Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A.

INFORMES

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Informe sobre declaración de tres proxectos empresariais singulares

CONSELLERÍA DE ECONOMIA E INDUSTRIA

- Informe relativo ás bolsas de estadías de investigadores e tecnólogos fóra da Comunidade Autónoma 2009-2015.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a creación do Rexistro Galego de Infarto Agudo de Miocardio.
- Informe sobre o programa Conecta 72.



O “.GAL” SERÁ O DOMINIO DE REFERENCIA DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA AUTONÓMICA NA REDE

- ***A Xunta aproba o decreto que regula a presenza da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia na internet baixo o dominio galego***
- ***Os portais institucionais, os correos corporativos e as novas iniciativas web deberán empregar o “.gal”***
- ***A adaptación ao novo dominio desenvolverase de xeito paulatino durante un prazo de dous anos sen custo adicional para a Administración autonómica***
- ***Esta medida responde á implicación da Xunta na consecución do dominio galego na internet, unha iniciativa que apoiou institucional e financeiramente***

A Xunta consolida o “.gal” como dominio que identificará todas as súas iniciativas en internet. Así se recolle no proxecto de decreto polo que se regula a organización da presenza na internet da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, aprobado hoxe polo Consello do Goberno galego.

O decreto determina un novo modelo de presenza na rede para a Administración autonómica, que establece a adopción do dominio .gal para todos portais institucionais, que se estruturan arredor de www.xunta.gal, como porta de entrada a todos os espazos e servizos web sociais e participativos dos organismos e entidades que integran o sector público autonómico. Desde a entrada en vigor do presente decreto, todas as novas iniciativas web da Administración deberán utilizar o dominio .gal.

O emprego de “.gal” estenderase tamén a todos os enderezos de correo corporativo, que se configura como o dominio de uso xeral e único para toda a Administración autonómica.

A adaptación ao novo dominio desenvolverase de xeito paulatino durante un prazo de dous anos e sen que supoña ningún custo adicional para a Administración autonómica.

Apoio da Xunta ao “.gal”

O 25 de xullo de 2014 entraron en funcionamento os primeiros dominios “.gal”, resultado dun proceso de oito anos, impulsado pola Asociación puntoGal, que contou coa implicación de diversas institucións, entre elas a Xunta de Galicia, que apoiou a iniciativa institucional e financeiramente. A Administración autonómica foi unha das entidades pioneiras que nesa xornada activou 9 dominios .gal en internet.

En coherencia con esta implicación, e entendendo que o dominio .gal é unha oportunidade para o posicionamento de Galicia e da lingua galega na internet, a Administración autonómica galega decide adoptar de maneira preferente o dominio .gal para a súa presenza na rede.

Logro histórico



A consecución do dominio “.gal” foi un fito histórico, froito do apoio de toda a sociedade galega. Ao obxectivo de acadar un dominio en galego se adheríronse máis de 14.000 cidadáns, 114 institucións das máis diversas disciplinas, xunto con máis de 20 centros de emigrantes doutras comunidades autónomas e doutros países como Portugal, Francia, Suíza, Alemaña, Bélxica, Arxentina, Estados Unidos, Uruguai ou Brasil



A XUNTA APROBA OS NOVOS ESTATUTOS DO COLEXIO OFICIAL DE DESEÑADORES DE INTERIOR/DECORADORES DE GALICIA

- ***A modificación dos estatutos obedece á súa adaptación á Directiva de Servizos do Parlamento Europeo, tal e como ten acontecido con outros colexios profesionais***

O Consello da Xunta aprobou hoxe, na súa xuntanza semanal, o proxecto de decreto polo que se aproban os novos estatutos do Colexio Oficial de Deseñadores de interior/Decoradores de Galicia.

O Colexio Oficial de Decoradores de Galicia creouse no ano 2001 por segregación do nacional, que data dos anos setenta. Mediante un decreto recente, de abril deste ano, o colexio cambiou a súa denominación incluíndo o termo “deseñadores de interior”, tal e como aparece recollido agora nos seus estatutos.

A adaptación dos estatutos do colexio ás novidades normativas aprobadas con motivo da aprobación da Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de maio de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, ocasionaron cambios na regulación dos colexios profesionais, que á súa vez foron orixe da aprobación das denominadas “Lei ómnibus”, tanto a estatal como a galega.

Neste marco normativo régulanse nos estatutos os contidos previstos na Lei de colexios profesionais de Galicia, incorporando as modificacións establecidas nas leis Ómnibus. Así, por exemplo, inclúese entre os fins do colexio a protección dos intereses dos consumidores e usuarios e se incorpora a previsión de mecanismos de comunicación entre autoridades competentes no caso do desprazamento temporal dun profesional doutro estado da UE.

Outras das modificacións son a posibilidade de formalizar a colexiación telemática a través da páxina web e a regulación do exercicio profesional en forma societaria e da cota de inscrición en referencia aos custos asociados á tramitación. Ademais, de conformidade coa normativa contida na Lei Ómnibus, régulanse o ‘Portelo único’, o ‘Servizo de atención a colexiados e a consumidores usuarios’ e a ‘Memoria anual’, como novos servizos de información accesibles aos colexiados e cidadáns a través da páxina web.

Tal e como recolle a lexislación básica de colexios profesionais, a colexiación será obrigatoria cando así o estableza unha lei estatal; o que a configura actualmente a como voluntaria.



A XUNTA ABRE AS PORTAS Á CONTRATACIÓN DE SEIS NOVOS EQUIPOS PSICOSOCIAIS QUE CONTRIBUIRÁN A AXILIZAR O TRABALLO DO IMELGA

- *Tratase de seis psicólogos e seis traballadores sociais, que reforzarán os cadros de persoal das subdireccións da Coruña, Santiago, Lugo e Pontevedra*
- *Posibilitarán a eliminación de atrasos nas citacións, elaboración de informes e a resolución de expedientes pendentes de resolver*
- *Estes profesionais participan en asuntos relacionados con abusos, garda e custodia en procesos de familia, violencia de xénero e acoso, entre outros*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá o financiamento de prazas por acumulación de tarefas nas subdireccións do Instituto de Medicina Legal de Galicia das cidades da Coruña, Santiago, Lugo e Pontevedra.

Este financiamento, que rolda os 300.000 euros, permitirá que a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza poida contratar seis novos equipos psicosociais, formados por seis psicólogos e seis traballadores sociais de reforzo.

Con estas contratación quedarían cubertas as necesidades de persoal dos equipos psicosociais do Imelga, posibilitando a eliminación de retrasos nas citacións, elaboración de informes e a resolución dos expedientes pendentes de resolver.

A carga real de traballo que ten que atender o Instituto experimentou un aumento progresivo nos últimos anos debido a un incremento da demanda por parte dos xulgados deste tipo de equipos en asuntos de veracidade do testemuño en menores vítimas de abusos, garda e custodia en procesos de familia, violencia de xénero e acoso laboral e escolar, entre outros.

Neste senso, é de sinalar que desde o ano 2009 as demandas periciais se incrementaron nun 68 por cento, pasando de 550 no ano 2009 a 922 no ano 2014, mentres que os equipos psicosociais apenas se incrementaron nun 11 por cento desde o ano 2006.

Esta desproporción, sumada ás exigencias de inmediatez xudicial, aos propios avances da psicoloxía forense e ao incesante aumento da tendencia de pedir informes periciais en todos os casos, ocasionou un atraso progresivo nas citacións e na elaboración de informes, así como unha acumulación dos expedientes sen resolver.

Por iso, dentro do obxectivo xeral de contribuír a unha xustiza máis áxil e eficiente, a Xunta de Galicia, a través da súa Vicepresidencia, decidiu desbloquear esta contratación e reforzar de xeito urxente o persoal destes equipos durante un período suficiente para poder facer fronte a esta situación de necesidade.



—

Dos seis novos equipos psicosociais, dous destinaranse á subdirección do Imelga na Coruña e dous á de Santiago, mentres que Lugo e Pontevedra recibirán un equipo cada unha.



MEDIO AMBIENTE DESTINA MÁIS DE 230.000 EUROS ÁS OBRAS DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO NOS NÚCLEOS DE TORNEIROS, O PUXEDO E XENDIVE, NO CONCELLO DE LOBIOS

- **As obras consistirán na instalación de máis de 6 quilómetros de tubaxe, arquetas, pozos e desaugadoiros**
- **O obxecto dos traballos é renovar un treito en mal estado da rede de saneamento de Torneiros, mellorar a captación de auga no Puxedo e aumentar o abastecemento de Xendive mediante unha nova captación e a construción dun novo depósito**
- **No caso dos tramos pavimentados, procederase a demoler o firme existente e, unha vez instalada a tubaxe, reporanse os ditos pavimentos**

O Consello da Xunta de Galicia aprobou a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia e o Concello de Lobios para a execución das obras de abastecemento e saneamento nos núcleos de Torneiros, O Puxedo e Xendive, por un importe de máis de 230.000 euros. Con esta colaboración, contarán os veciños do Puxedo e Xendive dunha rede de abastecemento de calidade e cantidade e aos veciños de Torneiros melloraráselles a rede de saneamento de que dispoñen na actualidade.

A necesidade que se vai satisfacer no caso de Torneiros é dotar as vivendas próximas á marxe do Río Caldo dunha rede de saneamento segura e eficiente que solucione os problemas derivados da actual condución provisional que discorre superficialmente.

A principal necesidade a satisfacer no caso do Puxedo é a de fortalecer e aumentar o abastecemento de auga. Na actualidade dispón dunha rede de abastecemento e dun depósito duns 40 m³ de capacidade. Detéctanse problemas de subministración de auga nos períodos máis secos, debido á pouca entidade dos mananciais dos cales se abastece o depósito.

O núcleo de Xendive dispón dunha rede de abastecemento que subministra todo o núcleo e que se abastece a través dun depósito duns 55 m³ de capacidade, que se nutre dunhas captacións de pouca entidade polo que presenta problemas de escaseza en épocas de seca.

O proxecto estrutúrase en tres actuacións en función das medidas que se executarán en cada localización, pero no seu conxunto requiren a instalación de máis de 6 quilómetros de tubaxe, pozos, arquetas e desaugadoiros.

Con esta colaboración co concello de Lobios, a Xunta contribúe a garantir a subministración de auga en calidade e en cantidade suficiente á cidadanía, tal como establece a Directiva Marco da Auga. Ao mesmo tempo, o Goberno galego mantén con este acordo a súa liña de cooperación cos concellos para mellorar a rede de abastecemento secundaria.



Para rede de Torneiros proxéctase unha condución de saneamento nunha lonxitude de case 500 metros, instalaranse dous novos pozos, que se sumarán aos existentes no inicio e final, e 19 arquetas de polipropileno. Deste xeito, dotaranse as vivendas próximas á marxe do río Caldo dunha rede de saneamento segura e eficiente, que solucione os problemas derivados da actual condución provisional que discorre superficialmente.

As obras en Xendive consistirán no aproveitamento dunha captación mediante a drenaxe do terreo. Na actualidade dispón dunha rede de abastecemento que subministra todo o núcleo e que se abastece a través dun depósito de 55 m³ de capacidade, que se nutre dunhas captacións de pouca entidade o que implica problemas de escaseza en épocas de seca. Así, unhas gabias drenantes recollerán a auga ata unha arqueta de captación que levará a auga polas marxes de diversas pistas existentes nunha lonxitude de case 3.000 metros.

Tamén se realizarán dous cruzamentos coa estrada Paderne-Cantoña (OU-102), o trazado discorrerá paralelo á dita estrada polo seu foso durante aproximadamente 1.520 metros. Xunto ao actual depósito de abastecemento construírse outro complementario para garantir o abastecemento de auga nas épocas de seca. A rede completárase con 4 ventosas, dous desaugadoiros, dúas arquetas de rotura de carga e unha chave de paso.

Ao igual que no caso de Xendive, as obras na rede do Puxedo consistirán no aproveitamento dunha captación mediante a drenaxe do terreo; ademais renovarase a actual condución de abastecemento que conecta a arqueta de reunión co depósito de auga existente. Tamén se instalarán tubaxes nunha lonxitude de máis de 3.000 metros ata chegar ao depósito de abastecemento. Parte do trazado discorre polas marxes de diversas pistas, pero durante aproximadamente 1.200 metros vai en paralelo á estrada provincial OU-1206, por un dos seus foxos. A rede complétase con cinco ventosas e catro desaugadoiros.

Deste xeito, fortalecerase e aumentarase o abastecemento de auga, xa que na actualidade dispón dunha rede de abastecemento e dun depósito de 40 m³ de capacidade, no que se detectan problemas de subministración de auga nos períodos máis secos, debido á pouca entidade dos mananciais que abastecen o depósito.

Para todas as actuacións, no caso de que o terreo estea pavimentado, procederase a demoler o firme existente, unha vez instalada a tubaxe, reporanse os ditos pavimentos nos treitos onde sexa necesario.



A XUNTA DESTINARÁ 120 MILLÓNS EN DOUS ANOS Á AXENDA DA COMPETITIVIDADE CO OBXECTIVO DE REINVENTAR A INDUSTRIA GALEGA

- **O Goberno galego aproba a Axenda da Competitividade Galicia - Industria 4.0, cuxas medidas mobilizarán 500 millóns nos dous primeiros anos na procura dunha industria competitiva, intelixente, diferenciada e xeradora de emprego**
- **A aposta pola fábrica intelixente suma 40 millóns de euros, o 33% do total, con programas como o Concurso de Ideas Industria 4.0, ou a liña de subvencións e instrumentos financeiros para promover proxectos neste eido**
- **Activarase un paquete integral de apoio financeiro a proxectos de investimento industrial, que suma 67 millóns priorizando a adaptación cara a fábrica do futuro e que as empresas gañen tamaño**
- **Na procura da simplificación administrativa, crearase a oficina Doing Business, que permitirá propoñer suxestións, suprimir barreiras e solucionar problemas na tramitación de proxectos empresariais**
- **No eido internacional, destinaranse máis de 14 millóns para impulsar a industria exportadora a través dun plan de crecemento de vendas no exterior**
- **A estratexia, que ten sido consensuada con 120 axentes e aprobada polo Consello Galego de Economía e Competitividade, aspira a incrementar o peso da industria galega no PIB en 6,9 puntos ata acadar o 20 % no ano 2020**

O Goberno galego ten no impulso da competitividade industrial un dos eixos fundamentais de desenvolvemento da súa política económica co obxectivo de fixar tecido industrial en Galicia consolidando o crecemento. Neste contexto, o Consello da Xunta aprobou hoxe a Axenda da Competitividade Galicia – Industria 4.0, que nace desde a unidade de acción e o diálogo mantido con todos os axentes implicados de cara a coordinar e facilitar a modernización da industria. Así, destinaranse 120 millóns de euros nos dous primeiros anos do seu desenvolvemento, un investimento co que a Xunta aspira a reinventar a industria galega promovendo un modelo máis competitivo orientado cara á fábrica intelixente.

Deste xeito, impulsaranse distintas iniciativas que mobilizarán arredor de 500 millóns de euros ata finais de 2016 na procura dunha industria competitiva, intelixente e diferenciada, co obxectivo de fixar tecido industrial con capacidade para recuperar o emprego e xerar novos postos de traballo. Para isto, porase o foco nas necesidades concretas das pequenas e medianas empresas, parte fundamental do tecido produtivo galego, sen esquecer as grandes empresas polo seu efecto tractor na economía e pola súa contribución á imaxe de Galicia.

A Axenda, que ten sido ten sido consensuada con 120 axentes e aprobada polo Consello Galego de Economía e Competitividade, desenvolverase a través de 5 eixos de actuación: factores territoriais de competitividade, persoas e organizacións, crecemento, innovación e mercados.



Neste sentido, cómpre salientar que a aposta pola fábrica intelixente ocupará un lugar prioritario, sumando 40 millóns de euros á súa promoción, o 33 % do investimento previsto durante estes dous anos. O obxectivo é consolidar en Galicia a denominada Industria 4.0, composta por fábricas intelixentes, automatizadas, flexibles, interconectadas, sustentables e sociais, que contan con espazos compartidos entre humanos e máquinas, e outorgan máis responsabilidades ás persoas, máis cualificadas e ben formadas, capaces de xestionar eficientemente os novos ámbitos produtivos.

Así, entre as medidas prioritarias que se porán en marcha neste bienio destaca o programa mixto de apoios e instrumentos financeiros, que destinará 10 millóns de euros á promoción de proxectos innovadores no eido da fábrica intelixente. Ademais, desenvolverase o Concurso de Ideas Industria 4.0, que suma 3 millóns para financiar os mellores proxectos sectoriais demostrativos orientados ao desenvolvemento de tecnoloxía cara a fábrica intelixente.

Así mesmo, activarase un paquete integral de apoio financeiro que inclúe distintas liñas de promoción do investimento, préstamos e avais encamiñados a facilitar a realización de proxectos de investimento industrial. Este paquete conta con 67 millóns, priorizándose na súa execución tanto a adaptación cara a fábrica do futuro como o feito de que as empresas gañen tamaño.

Formación en Industria 4.0

Esta aposta pola fábrica intelixente faise extensible tamén ao eixo das persoas e as organizacións. Así, activarase un programa específico de formación para os cadros directivos das empresas e os mandos intermedios que abordará as principais tendencias de futuro no sector industrial. Unha liña que se complementa cun programa que se centrará no diagnóstico e implantación de solucións Fábrica 4.0 nas pemes, facilitando a prestación de servizos de análise de situación, e o acompañamento na implantación de manufacturas e de ferramentas TIC e de aforro enerxético.

Pola súa banda, os denominados *business factories*, focos de emprendemento industrial, promoverán á creación e desenvolvemento de start ups innovadoras mediante programas de aceleración e incubación, servindo de modelo de transferencia dos avances tecnolóxicos á industria.

No tocante aos factores territoriais de competitividade, a Axenda inclúe, xunto ao programa de abaratamento de solo industrial, con rebaixas de ata o 50 % no custo do metro cadrado e financiamento de ata o 40 % do custo dos proxectos, outro tipo de iniciativas, como o Plan de Optimización Loxística de Galicia, que permitirá coordinar, especializar e adecuar os portos, aeroportos, transporte ferroviario e infraestrutura loxísticas da Comunidade.

Ademais, crearase unha Oficina Doing Business, que supón un novo paso na simplificación administrativa para a posta en marcha de proxectos, configurándose como unha plataforma



pública en liña que permitirá aos usuarios propoñer suxerencias, suprimir barreiras ou solucionar problemas concretos sobre proxectos en tramitación.

Impulso da industria exportadora

No eido da internacionalización, e vinculado directamente co desenvolvemento da Estratexia de Internacionalización da Empresa Galega, a Axenda destinará nos próximos dous anos máis de 14 millóns ao impulso da industria exportadora a través dun plan de facilitará o crecemento de vendas no exterior e o afianzamento da estruturas financeiras das empresas con este obxectivo.

A través destas medidas prioritarias que se irán aplicando nos vindeiros meses, o Goberno galego aspira a modernizar a industria galega a través da innovación, establecendo novas fórmulas de produción que melloren a súa competitividade, e impulsando a fabricación de produtos diferenciados e de calidade. O obxectivo é incrementar o peso da industria no PIB da Comunidade en 6,9 puntos ata acadar o 20 % no ano 2020, creando 50.000 novos empregos de calidade durante este período.

A Axenda presenta unha clara orientación sectorial co obxectivo tanto de reforzar sectores estratéxicos da economía galega –agroalimentario, automoción, naval, forestal ou téxtil-, como de impulsar outros emerxentes e de maior valor engadido, como o aeronáutico, o biotecnolóxico ou as TIC. Neste contexto, aposta polo equilibrio entre o reforzo dos sectores tradicionais e o impulso dos emerxentes, así como pola diversificación de produtos, ao tempo que se facilita a hibridación multisectorial, que supón a interconexión de sectores distintos na procura de aproveitar as sinerxías entre eles para mellorar a súa competitividade no mercado global.

A Axenda da Competitividade Galicia-Industria 4.0 aspira a fortalecer todos estes sectores produtivos para crecer e crear emprego. E farao atendendo na súa planificación ao Horizonte 2020, en liña coas directrices da Unión Europa, ao igual que se fixo coa Estratexia de Especialización Intelixente (RIS3), e propia Estratexia de Internacionalización da Empresa Galega.



CARDIOLOXÍA INTERVENCIONISTA E CIRURXÍA CARDÍACA DE GALARIA PASARÁN A DEPENDER DAS EOXS DE VIGO E OURENSE

▪ A Xunta autoriza o inicio da tramitación do decreto para tal fin

O Consello da Xunta autorizou no día de hoxe o inicio da tramitación do decreto que regulará a integración no Servizo Galego de Saúde de todas as funcións, servizos, medios materiais e persoais afectos ás unidades de Cardiología Intervencionista e Cirurxía Cardíaca de Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios.

Deste xeito, as dúas unidades pasarán a depender das estruturas organizativas de xestión integrada (EOXI) de Vigo e Ourense. Este traspaso faise coincidir coa posta en marcha do novo Hospital Público Álvaro Cunqueiro de Vigo xa que é unha oportunidade para integrar baixo unha única estrutura e dirección, a EOXI de Vigo, estas dúas unidades que manteñen unha alta interrelación co resto dos servizos hospitalarios.

En canto aos medios persoais, integrarase o persoal que presta servizos nestas unidades, así como parte do persoal da estrutura administrativa de apoio situado nas EOXI de Vigo, Ourense e Santiago, que manterán o vínculo laboral e o réxime económico de orixe.

Doutra banda, os bens de Galaria quedan incorporados ao patrimonio do Sergas, subrogándose este en todos os dereitos e obrigas que teñen a súa orixe naquelas unidades, así como a totalidade das relacións laborais do persoal de Galaria que presta servizos nas unidades que se van integrar.

Unidades de Cardiología Intervencionista e Cirurxía Cardíaca

As unidades de Cardiología Intervencionista e Cirurxía Cardíaca acadaron un alto nivel de prestixio nos seus respectivos ámbitos, incluíndo nas súas carteiras de servizos as técnicas máis avanzadas das dúas especialidades.

Neste senso, o traspaso faise mantendo a alta capacidade e calidade de servizo prestado polas unidades que se integran. Estas unidades posúen un demostrado prestixio no seu campo grazas ao alto nivel de profesionalidade dos seus equipos humanos.

Outras unidades asistenciais de Galaria

Unha vez rematada a integración destas unidades, o Sergas estudará progresivamente a situación do resto de unidades asistenciais de Galaria.

A XUNTA DECLARA DOUS PROXECTOS EMPRESARIAIS SINGULARES NO PORTO SECO DE MONFORTE E OUTRO NO POLÍGONO DE PALAS DE REI, QUE PREVÉN UN INVESTIMENTO DE 40 MILLÓNS DE EUROS

- *O Consello coñeceu hoxe os detalles dos tres proxectos empresariais que deben constituír agora os avais e teñen un prazo máximo de 3 anos para desenvolverse*
- *No Porto Seco de Monforte dúas empresas de transformación de recursos forestais prevén ocupar case 100.000 metros cadrados, investindo 35 millóns de euros e creando 65 empregos directos e 305 indirectos*
- *En Palas de Rei unha empresa que xa opera no parque empresarial demanda ocupar a totalidade da segunda fase deste para investir ata 6 millóns de euros e crear 10 postos de traballo*

A Xunta de Galicia declarou hoxe dous proxectos empresariais singulares no Porto Seco de Monforte e outro no polígono de Palas de Reis, cun investimento total previsto de arredor de 40 millóns de euros e a creación de 75 empregos directos e 305 indirectos. Así informou no Consello da Xunta a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, que presentou os detalles dos proxectos empresariais declarados singulares, que deben constituír os avais e deben desenvolver os seus proxectos nun prazo máximo de tres anos.

En concreto, no Porto Seco de Monforte foron declarados dous proxectos singulares para empresas orientadas á transformación dos recursos forestais mediante a transformación de materia prima local.

Entre as dúas empresas demandan un total de case 100.000 metros cadrados de solo industrial no Porto Seco de Monforte, ao prever un investimento total de 35 millóns de euros e a creación de 65 postos de traballo directos e 305 indirectos.

A implantación de ambas as empresas no Porto Seco de Monforte dará lugar, ademais, á constitución por parte dunha delas dunha nova empresa para poñer en servizo e explotación a Plataforma Loxística Intermodal de Monforte, o que suporá un investimento adicional.

Dáse ademais a circunstancia de que, aínda sendo proxectos de diferente procedencia, son complementarios, polo que a súa instalación no mesmo parque empresarial reforza mutuamente ambas as dúas empresas, que se dedicarán á transformación de recursos forestais existentes no contorno.

Estas empresas ocuparán unha boa parte do Porto Seco de Monforte, que inclúen fases aínda non urbanizadas, e facilitarán a instalación neste doutras empresas auxiliares e complementarias.

Palas de Rei



—

Polo que respecta ao proxecto singular solicitado para o parque empresarial de Palas de Rei, trátase dunha empresa xa instalada no dito parque que necesita ampliar as súas instalacións.

Neste caso a empresa demanda a totalidade dos 22.038 metros cadrados que integran a segunda fase do parque empresarial de Palas de Rei, aínda sen urbanizar. A empresa asume as obras de urbanización e no seu caso as modificacións urbanísticas que deba realizar para o mellor aproveitamento da citada superficie.

O investimento previsto neste caso é de 4-6 millóns de euros e prevé a creación de 10 novos postos de traballo, que se sumarían aos xa existentes na empresa.

A instalación destas empresas en Monforte e Palas de Rei é posible grazas á política de bonificación de solo empresarial levada a cabo pola Xunta de Galicia a través de Xestur e o Instituto Galego da Vivenda e Solo, con descontos de entre o 30 e o 50% no prezo das parcelas.

Proxectos singulares

Para a declaración como “proxecto empresarial singular”, as empresas deben xustificar o carácter estratéxico da súa actividade ou as especiais necesidades de solo da empresa pola actividade desenvolvida, a necesidade de implantación nunha zona determinada pola especial vinculación da actividade empresarial a ese medio e valorándose especialmente os investimentos previstos, a creación de postos de traballo e a demanda de gran superficie de solo.

A principal vantaxe dos proxectos singulares é que as empresas obteñen a adxudicación directa das parcelas, sen concurso, o que outorga a posibilidade de elixir parcela. Incluso poden chegar a adquirir solo aínda non urbanizado, como é o caso de Palas.



A GAIN IMPULSA A FORMACIÓN INTERNACIONAL DOS INVESTIGADORES GALEGOS APOIANDO PRETO DE 500 ESTADÍAS EN CENTROS DE REFERENCIA DESDE 2009

- ***A Consellería de Economía e Industria concedeu nos últimos anos axudas por 2,7 millóns de euros para incrementar as competencias dos científicos que traballan nos centros tecnolóxicos e de investigación galegos***
- ***Europa foi o destino dun 43 % destas estadías, mentres que en Estados Unidos e Canadá se desenvolveron un 13 % e en Asia e África máis do 3 %***
- ***Os beneficiarios das bolsas concedidas na última convocatoria poderán actualizar coñecementos e aprender novas técnicas de investigación en Oxford, Cambridge, Boston ou Nova York***

A Consellería de Economía e Industria, a través da Axencia Galega de Innovación, apoiou desde o 2009 preto de 500 estadías no exterior de investigadores e tecnólogos galegos contratados nos centros tecnolóxicos e de investigación galegos, impulsando así a súa formación internacional.

En total, concedéronse axudas por un total de 2,7 millóns de euros para bolsas que se desenvolveron en centros de investigación de recoñecido prestixio de fóra da comunidade. Europa foi o destino de preto dun 43 % destas estadías, mentres que un 35 % se realizaron en distintos puntos da Península Ibérica. Estados Unidos e Canadá foron o destino do 13 % destes períodos formativos, mentres que Asia e África suman o 3 %.

Os beneficiarios das bolsas concedidas na última convocatoria, que acaba de resolverse, poderán actualizar coñecementos e aprender novas técnicas de investigación en Oxford, Cambridge, Boston, Nova York, Belo Horizonte (Brasil) ou Thuwal (Arabia Saudita).

A media das axudas concedidas en 2015, que cobren unha primeira dotación de ata 1.000 euros para os gastos de desprazamento e seguros e unha asignación mensual bruta que depende do lugar de destino, supera os 4.500 euros por beneficiario, mentres que a media de duración das estadías supera os dous meses.

Os investigadores e tecnólogos que realizarán ao longo deste ano as estadías proceden nun 65,3 % de organismos públicos de investigación non universitarios; un 28 % traballan en centros tecnolóxicos e un 6 % en fundacións de investigación sanitaria.

Con este programa, a Xunta contribúe á mobilidade dos científicos da comunidade para incrementar as súas competencias e o seu nivel de relacións no eido internacional, aspectos fundamentais para mellorar a competitividade do Sistema de I+D+I de Galicia.



O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE CREA O REXISTRO GALEGO DO INFARTO AGUDO DE MIOCARDIO ÚNICO PARA TODA A COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

- ***Os datos dos pacientes afectados por esta doenza incluíranse no REGALIAM e formarán parte da Historia clínica electrónica***
- ***Esta iniciativa comezará a funcionar nos próximos días***

O Servizo Galego de Saúde crea o Rexistro Galego do Infarto Agudo de Miocardio (REGALIAM), único para todo o ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. Este rexistro quedará integrado na Rede Galega de Vixilancia de Saúde Pública e adscrito á Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Sergas.

Deste xeito, os datos dos pacientes afectados por infarto agudo de miocardio con elevación do segmento ST (tipo de infarto que se reflicte no electrocardiograma) e que sexan atendidos nos centros sanitarios pertencentes ao Sistema Público de Saúde de Galicia, no centro Povisa -nos casos de asistencia sanitaria concertada-, e os atendidos pola Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia 06, incluíranse no REGALIAM e formarán parte da Historia clínica electrónica.

Este rexistro foi solicitado polos máximos responsables dos servizos de Cardioloxía dos que dependen as unidades de Hemodinámica na Comunidade Autónoma de Galicia, como ferramenta indispensable para calquera toma de decisións na organización da atención ao infarto.

Obxectivos

Esta iniciativa permitirá determinar, mediante a análise de máis de 90 parámetros, as características epidemiolóxicas, clínicas e terapéuticas da poboación afectada, rexistrando o procedemento de acceso do paciente ao sistema sanitario, o itinerario seguido para recibir asistencia, os medios diagnósticos e terapéuticos utilizados e o seu resultado.

Ademais, proporcionará, a través de distintos indicadores de calidade, datos epidemiolóxicos e asistenciais precisos para unha planificación eficaz e eficiente dos recursos materiais e humanos destinados á atención ao infarto agudo de miocardio.

Doutra banda, poderase avaliar a eficacia, efectividade e eficiencia da rede asistencial en relación co infarto agudo de miocardio nos seu aspecto sanitario, económico e de xestión; e servirá de base para a elaboración de estudos epidemiolóxicos, clínicos e estatísticos.

Posta en funcionamento

Para a súa posta en funcionamento elaborouse unha ferramenta informática, validada polos profesionais dos servizos de cardioloxía e valorada positivamente polos seis xefes de servizo de Cardioloxía do Sergas, que funcionará nun contorno web.



Nos próximos días ditaranse as instrucións oportunas para o seu funcionamento e convocaranse os responsables designados polos respectivos centros para a recollida destes datos co obxectivo de implantar de xeito inmediato o REGALIAM.



O SERGAS REALIZOU MÁIS DE 15.500 CHAMADAS NAS CATRO PRIMEIRAS SEMANAS DE FUNCIONAMENTO DO PROGRAMA CONECTA 72

- ***O servizo garante o seguimento aos pacientes, nas primeiras 72 horas posteriores á alta hospitalaria, a través dunha consulta telefónica levada a cabo pola enfermeira do seu centro de saúde***

O Consello da Xunta coñeceu hoxe o balance de actividade das catro primeiras semanas de funcionamento do programa Conecta 72, que xa realizou un total de 15.564 chamadas a pacientes desde a súa implantación o pasado día 13 de abril en todos os centros de saúde do Sergas.

Este servizo ten como obxectivo mellorar a continuidade e calidade asistencial a través da realización, nas primeiras 72 horas posteriores á alta, dunha consulta telefónica por parte do profesional de enfermaría de Atención Primaria, cita xerada de forma automatizada na axenda do persoal do centro de saúde. A chamada permite detectar complicacións ou problemas de xeito precoz e comprobar que o paciente comprendeu todas as explicacións e recomendacións que se lle deron durante o seu período de ingreso hospitalario.

Na primeira semana asignáronse 3.490 citas para chamadas; na segunda, 3.794; na terceira, 4.374; e na cuarta, ata o 8 de maio, 3.906. Desde o día 28 engádese, ademais, a citación automática na axenda das matronas das pacientes dadas de alta por obstetricia. Deste xeito, o persoal de enfermaría de Atención Primaria xa non precisa redirixir de forma manual estas pacientes ás matronas.

No que respecta á asignación de pacientes, o cálculo teórico e o que se viu confirmado no piloto, é de dúas consultas por semana e profesional de enfermaría.

As poucas incidencias rexistradas ao longo destas semanas fan referencia, en xeral, a fallos menores de tipo técnico, solucionados no mesmo día; a dúbidas de como levar a cabo diferentes pasos do programa; ou a non conseguir contactar co paciente no teléfono rexistrado na Historia Clínica Electrónica.

Valoración

O servizo foi sometido a un piloto en sete centros de saúde das sete estruturas organizativas de xestión integrada: Os Mallos (A Coruña), Fontenla Maristany (Ferrol), San Roque (Lugo), Oroso (Santiago), O Carballiño (Ourense), A Parda (Pontevedra), e Rosalía de Castro (Vigo). Segundo a enquisa de auditoría realizada sobre o funcionamento do programa, o 90 por cento dos destinatarios calificárono de útil ou moi útil, mentres que os profesionais manifestaron estar satisfeitos e subliñaron como principal vantaxe a mellora na continuidade dos cuidados dos pacientes. Conecta 72 tamén mellora a relación e confianza dos pacientes e cuidadores na asistencia sanitaria.



—

Esta iniciativa beneficiará os arredor de 230.000 cidadáns que reciben cada ano unha alta hospitalaria.

